



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.**

### **1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA. -**

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal de catro Auxiliares da Policía Local polo aumento notorio da poboación en época estival.

### **2. - DURACIÓN DOS CONTRATOS. -**

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada (6 MESES) de conformidade co establecido no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada (Hoxe RDL 2/2015 TRLET).

Os contratos serán por xornada semanal (37,5 horas) a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, tarde ou noite, durante todos os días da semana, segundo a organización do servizos, cos descansos semanais que lles correspondan.

### **3. - RETRIBUCIÓNS. -**

A retribución do citado posto de traballo será de 6.000 euros brutos polos 6 meses, con abono mensual, incluída a prorrata da paga extraordinaria e a indemnización por extinción do contrato (artigo 49.1.c do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) que se abonará na derradeira nómina.

### **4. - FUNCIONES**

Apoio e auxilio aos membros do corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

### **5.- SISTEMA DE ACCESO.-**

O sistema de acceso é o de oposición libre.

### **6. - REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

A). Ser de nacionalidade española ou nacional dos demais Estados membros da Unión Europea. A tal efecto e en cumprimento do regulado no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, terán a mesma consideración, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuge dos españois e demais nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuge sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.



Novo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)



Poderán acceder en igualdade de condicións os estranxeiros con residencia legal en España.

B). Ter cumpridos máis de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.

C).- Estar en posesión do Título de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.

D).- Ter unha estatura mínima, en caso de ser home de 1,65 m. e en caso de ser muller de 1,60 m.

E). Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

F). Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercizo das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, nembargantes, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar destes ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### **7. - PAGAMENTO DE TAXAS.**

De acordo coa Ordenanza reguladora das taxas pola inscrición nas probas selectivas de persoal do Concello de Cambados, nas probas para contratacións temporais, o interesado deberá efectuar o pagamento das correspondentes taxas, cuxo importe é de 5,50 euros (número de IBAN Banco Pastor: ES36-0238-8275-58-0660001061)

#### **8. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida á Alcaldesa, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base sexta desta convocatoria.

As ditas solicitudes presentaranse no citado Rexistro (os días laborais de 8,30 a 14,30 horas e os sábados de 9 a 13,30 horas) durante o prazo de 5 días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no xornal "Diario de Arousa".

O anuncio da convocatoria tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na medida do posible, na páxina web do Concello ([www.cambados.es](http://www.cambados.es)).


Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 986 524866).

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:



Nome Concello de  
**CAMBADOS**

(Pontevedra)



- a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na conta municipal (cos datos persoais do aspirante e praza á que opta), número de IBAN Banco Pastor: ES36-0238-8275-58-0660001061. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.
- b) Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia compulsada da titulación académica esixida na letra c) da Base 6ª.
- d) Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para realizar cada un dos exercicios físicos previstos neste proceso selectivo. Este certificado será imprescindible para ser admitido á realización do exercicio que valore a súa aptitude física.

A documentación referida nos apartados a), b) e c) deberá presentarse inexcusablemente xunto ca solicitude. Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Ca presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

#### **9. - ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo máximo de tres días naturais, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web oficial do Concello ([www.cambados.es](http://www.cambados.es)).

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días naturais, contados desde o día seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello ([www.cambados.es](http://www.cambados.es))

#### **10. - TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.**



*Nome Concello de*  
**CAMBADOS**  
*(Portovedra)*



Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertencencia ó mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaren tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sin que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28 e 29 da Lei 30/1992.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

## **11. - PROBAS SELECTIVAS**

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, e no anexo VII da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 28 de Xaneiro



11mo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA  
MEDIANTE AVOGACIÓN DE DATA 9 DE MAIO DE 2016.



de 2009 as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación.

A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

Sexo/idade	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.



Nome Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)



A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

Sexo/idade	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

#### B. Proba de coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F) / 3$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas.

#### C.- Proba específica sobre o coñecemento do termo municipal e da toponimia local

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do Concello e a toponimia local. Calificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar com mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

#### C. Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdose ás probas que consideren máis axeitadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Non obstante, as personas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de Xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega), daráselles por superada esta proba coa calificación de apto.

#### 12. - PUBLICIDADE.

A publicidade de todos os actos relativos a este procedemento realizarase mediante edictos que se exporán no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Cambados, e na páxina web [www.cambados.es](http://www.cambados.es).

#### 13. - PROPOSTA DE APROBADOS



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)



Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal seleccionador publicará no taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final. Ase mesmo, dito tribunal elevará esta relación ó Alcalde para proceder a formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

#### **14.- CURSO DE FORMACIÓN.-**

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade pública, sen cuxo requisito non se poderá formalizar o contrato. Aqueles/as que xa tiñesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a ley 4/2007, de coordinación de policía locais.

#### **15.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Cada un/unha dos/as aspirantes propostos presentarán no Departamento de Persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais (contados a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.


Si dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/as aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder a sus contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións.

#### **16.- SUBSTITUCIÓN PARA O CASO DE SE PRODUCIR VACANTES.**

Para o caso de que algunha das prazas contratadas ó abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia, así como para substitucións temporais con reserva de praza dentro deste Servizo, o Órgano competente desta Administración Municipal poderá outorgar nomeamento de contratación a favor dos aspirantes que superaron tódalas fases deste proceso selectivo, de maneira consecutiva e por estrita orde correlativa de puntuación total final, do xeito en que figure na lista definitiva de aspirantes aprobados a que se fai referencia na Base 13.

#### **17.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

Primeira: En todo o non previsto expresamente nas presentes bases será de aplicación o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Rea Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada (Hoxe RDL 2/2015 TRLET), así como na lexislación específica: Lei 4/2007, de Cordinación de Policía Locais de Galicia, e a Orde de 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso



*Nmo Concello de*  
**CAMBADOS**  
*(Pontevedra)*



promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.





Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)



## ANEXO I

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(PortoVEDO)



**ANEXO II**  
**MODELO DE INSTANCIA**

D./Dña \_\_\_\_\_ con D.N.I.  
\_\_\_\_\_ con enderezo en

\_\_\_\_\_ e número de teléfono \_\_\_\_\_

Expón:

Que informado/a da convocatoria do proceso selectivo para a adxudicación de catro prazas de auxiliares de policía para a temporada de verán no Concello de Cambados, manifesta que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 6ª da mesma.

Que acompaña a documentación á que se fai referencia na base 7ª e acredita o pagamento de taxas.

Por todo iso,

Solicita:

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia, e na súa virtude procedan a admitir ó/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo, aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación.

Cambados, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asinado \_\_\_\_\_